SENDEIRISMO POLO CONCELLO

RIBEIRA

MANUAL DE RUTAS: NATUREZA, PAISAXE E PATRIMONIO POLO NOSO TERRITORIO.

Natureza, co Parque Natural e unha franxa de costa inigualable.

Paisaxe, algúns dos lugares do Concello dende os que gozar da paisaxe que se ofrece.

Patrimonio cultural, relixioso, histórico e etnográfico ao longo destas rutas.

17 RUTAS DIFERENTES POLO CONCELLO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA



Neste documento poderemos ver dezasete rutas diferenciadas que se poden realizar nas distintas parroquias do Concello de Ribeira e nos seus arredores.

Destas, cinco atópanse dentro do Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e as lagoas de Carregal e Vixán.

RUTA CIRCULAR RIBEIRA - AGUIÑO

Ruta circular que transcorre polo Concello de Ribeira e permite observar as vilas de Aguiño e Carreira a través das súas costas e o seu interior, descubrindo paisaxes naturais e o modo de vida das xentes destas zonas.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida e chegada: Ribeira
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 16,38 Km
Dificultade: Baixa
Tempo: 6 horas

Lagoa de Vixán

Pertencente ao Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán.

Parque Periurbano de San Roque

Conta con diversas réplicas de xacementos arqueolóxicos que se atopan no municipio.

Miradoiro Pedra da Ra

Obra de Carlos Seoane permítenos non só ver a extensión completa do Parque Natural senón que nos mostra a illa de Sálvora e as rías de Arousa e Noia-Muros.

PR-G92: RUTA CIRCULAR POR RIBEIRA

Ruta circular polo concello de Ribeira, na cal atoparemos lugares moi interesantes tanto dende o punto de vista da natureza, como a Marisma de Carregal e as Dunas de Corrubedo, como dende o punto de vista histórico, como o castro do Monte da Cidá ou o dolmen de Axeitos.

Castro do Monde da Cidá
Localizado no cume do monte A Cidá, formado por 13 construcións de máis de 2500 anos e os restos dunha caseta-vixía do século XVIII dentro dunha destas estruturas.



Marisma de Carregal

Forma parte do Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán.

Dolmen de Axeitos

Monumento megalítico cunha antigüidade de entre 3600 e 4000 anos (BIC).
Deste dolmen de corredor consérvanse sete lousas da cámara e tres do corredor.

INFORMACIÓN TÉCNICA

Punto de partida e chegada: Ribeira

Modalidade de acceso:

Lonxitude: 23,5 Km

Dificultade: Baixa

Tempo: 4 horas 15 minutos

SENDA FLUVIAL DO RÍO ARTES

Esta ruta polas veiras do río Artes transcorre por diferentes puntos do Concello de Ribeira e permítenos dar un paseo en contacto coa natureza, podendo realizarse todo o recorrido ou só unha parte do mesmo.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida: Artes
Punto de chegada: Balteiro
Modalidade de acceso:
Dificultade: Baixa-media
Tempo: 1 hora 30 minutos

Lavadoiro do río Artes

Mide máis de 20 metros, é de granito, componse de dúas pilas de lavado e está cerrado por un muro de cantería.

Muíños de auga do río Artes

Ao longo deste río hai diversos muíños de auga, antigamente dedicados a moer gran.

Pasarelas do río Artes

Localizadas ao longo do sendeiro que transcorre por este río.

SR-1: RUTA DE CORRUBEDO

Ruta circular que comeza e remata no porto da vila mariñeira de Corrubedo, pasando pola igrexa de Santa María de Corrubedo, o Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo, o núcleo rural de Espiñeirido, cruceiros, praias, muíños e o Faro de Corrubedo para acabar volvendo ao porto desta vila.



INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida e chegada: porto de Corrubedo
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 12 Km
Dificultade: Baixa
Tempo: 2 horas 15 minutos

Igrexa de Santa María

De estilo neoclásico é unha igrexa de reducidas dimensións, conta cunha nave lonxitudinal, dúas capelas laterais, capela maior e sancristía.

Cruceiro de A Capeliña

Data aproximadamente, de finais do século XVI e principios do XVII. Está realizado en granito e non é moi alto, mide 4,12 m contando tamén a base. Quedan restos de súa antiga policromía.

Gran duna móbil

Pertencente ao Parque Natural do complexo dunasr de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán.

RUTA CIRCULAR POR CORRUBEDO

Ruta circular que comeza no porto de Corrubedo, pasa polo coñecido faro e a praia de Balieiros e segue camiño da vila de Olveira para procurar de novo o mar nas marismas de Carregal, a altura do río do mar. Continuará por diante da duna móbil e pola praia da Ladeira ata rematar de novo no porto de Corrubedo.

Faro de Corrubedo
Localizado no punto máis occidental da península do Barbanza, foi construído en 1853 e está considerado como un dos máis importantes da zona debido ao perigo das costas nas que se atopa.

Porto de Corrubedo
Localizado entre as rías de Muros-Noia e da Arousa, foi antigamente un importante punto de actividade pesqueira da zona.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida e chegada: Porto de Corrubedo
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 15 Km
Dificultade: Baixa-media
Tempo: 4 horas 30 minutos

Cabo Corrubedo
Punto máis occidental da Península do Barbanza, é unha zona rochosa de pequenos acantilados, formidable para a observación de aves migratorias que buscan refuxio nos acantilados e areais da zona.

SR-4: RUTA CIRCULAR POR SAN PAIO DE CARREIRA

Esta ruta é unha viaxe histórica pola parroquia de San Paio de Carreira. Nela contemplamos hórreos centenarios, muíños de auga, e antigos lavadoiros; coñecendo así como era a vida antes da chegada da tecnoloxía moderna.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida e chegada: Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 15 Km
Dificultade: Media
Tempo: 4 horas

Capela de San Roque

Foi construída en 1697, e a día de hoxe celebrase unha romaría todos os 16 de agosto.

Lavadoiro de Pedrín

Forma parte do Parque Periurbano de San Roque. É de gran dimensión, composto por tres pilas de lavado, e cerrado por un muro de cantería.

Centro de interpretación arqueolóxica de San Roque

Localizado no Parque Periurbano de San Roque, este centro amósanos o pasado histórico deste concello a través de tres épocas, o Neolítico, a Idade de Bronce e a Idade de Ferro.

RUTA CIRCULAR CORRUBEDO–TAHUME-CORRUBEDO

Do mar á montaña, esta ruta levaranos dende a costa de Corrubedo, con zonas rochosas e diferentes praias, ata un dos puntos máis altos de Olveira, o monte Tahume, cunhas impresionantes vistas dende onde podemos contemplar parte dos concellos de Ribeira e Porto do Son.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida e chegada: Corrubedo
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 14 Km
Dificultade: Media
Tempo: 5 horas

Monte Tahume

Con 242 m é o segundo punto máis alto de todo o Concello. Desde el podemos observar o Parque Natural e as parroquias de Corrubedo, Olveira, Artes, Carreira e Aguiño.

Praia de Espiñeirido

Atópase no límite xeográfico entre os concellos de Ribeira e Porto do Son. É unha praia longa, apta para a práctica de deportes acuáticos como surf ou bodyboard.

Praia de Balieiros

Chamada así por ser un antigo cemiterio de baleas, sitúase ao lado do faro de Corrubedo, posúe unha lonxitude de 50 metros e nela pódese practicar pesca submarina.

RUTA LITORAL RIBEIRA - POBRA

Este paseo lévanos a descubrir os puntos de interese localizados entre Ribeira e Pobra do Caramiñal. Comezando a nosa andaina na oficina de turismo do Malecón e seguindo polo porto de Riveira e distintas praias do concello ata chegar a Palmeira, onde se atopa o famoso monumento ao emigrante. E seguiremos o noso camiño por distintos areais que nos levarán ata o museo Valle-Inclán na Pobra.

Monumento ao emigrante

Monumento a todos os veciños que tiveron que emigrar ás Américas ou a Europa para buscar sustento para eles e as súas familias.

Lonxa de Ribeira

Inaugurada no 2017 foi a maior inversión de Portos de Galicia. Isto non é estraño, xa que o porto de Ribeira é o máis importante de España en pesca de baixura e o terceiro máis importante de Europa.



INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida: Ribeira
Punto de chegada: Pobra do Caramiñal
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 14 Km
Dificultade: Baixa-media
Tempo: 5 horas 30 minutos

Museo Valle-Inclán

Situado na Torre de Bermúdez, foi creado en 1986, coa intención de conservar e difundir testemuñas da obra e da vida do escritor Ramón María de Valle-Inclán.

RUTA RIBEIRA - CARREIRA

Este recorrido une as parroquias de Carreira e Ribeira pasando por especiais lugares naturais como o monte da Garita e diversas praias e puntas como a Covasa e Couso. Iniciase no concello de Ribeira e remata en San Paio de Carreira.



INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida: Ribeira
Punto de chegada: San Paio de Carreira
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 14,37 Km
Dificultade: Media
Tempo: 2 horas 30 minutos

Praia do Castro

Atópase na cara interior da ría de Arousa, entre Castiñeiras e Aguiño, cunha lonxitude de 1250 m por 15 m de ancho. Recomendada para a pesca submarina e o windsurf.

Porto fenicio de A Covasa

Restos dun antigo porto que nos mostra a importancia da zona en canto a comercio marítimo.

Lavadoiro de Penisqueira

Situado na praia de Penisqueira, é de pedra e cemento e é moi singular, xa que se trata dun manancial de auga doce rodeado en tres partes polo mar.

RUTA CIRCULAR AGUIÑO-RIBEIRA

Esta andaina comeza no porto de Aguiño, e enfiamos cara o norte, pasando por diversas praias da zona, ata chegar a Couso, onde nos toparemos coa Punta Falcoeira, un dos lugares máis singulares deste roteiro. Continúa esta andaina polo Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, para despois pasar por terras de interior ata chegar de novo a Aguiño.

Praia de Celeiráns

Esta praia de area branca sitúase no extremo sur do concello, ten unha lonxitude de 200m e unha anchura de 20m.

Praia de Couso

Situada en Couso, lugar que lle da o nome, ten forma de cala, cuns 220 m de lonxitude e uns 10 m de ancho. É unha praia de area branca.



Parroquia de Carreira

É unha das nove parroquias que compoñen actualmente o municipio de Ribeira. Entre 1820 e 1835 foi Concello Constitucional, integrándose no de Riveira despois da reforma constitucional de 1833.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida e chegada: Aguiño
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 15,6 Km
Dificultade: Media
Tempo: 5 horas 30 minutos

RUTA AGUIÑO-PALMEIRA

Esta ruta une os diferentes paseos marítimos urbanos. É unha ruta sinxela que comeza no porto pesqueiro de Aguiño e segue o seu camiño polas praias ribeirenses da Ría de Arousa ata chegar a Palmeira.

Praia de Coroso

Situada en Santa Uxía de Ribeira, ten unha gran extensión, 1750 m de longo por 20 m de ancho. Conta cun excelente paseo marítimo.

Praia de Río Azor

É unha praia de reducidas dimensións, con area branca e augas tranquilas. Dende ela obsérvanse fermosas vistas de Ribeira, da illa de Rúa e da Ría de Arousa.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida: Aguiño
Punto de chegada: Palmeira
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 11 Km
Dificultade: Baixa
Tempo: 2 horas 30 minutos

Praia da Insuela

Localizada no sur de Palmeira, ten un pequeno dique e porto pesqueiro. É de entorno semiurbano, con 80 metros de longo e 10 metros de ancho.

RUTA POLO LITORAL DE RIBEIRA

Esta ruta comeza na praia de Río Azor e percorre os paseos marítimos de Riveira nas diversas praias, entre os cales se encontran o de Coroso, o do Touro ou o de Castiñeiras, ata chegar á Punta de Couso.



INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida: Praia de Río Azor
Punto de chegada: Punta de Couso
Modalidade de acceso:
Lonxitudde:14,5 Km
Dificultade: Baixa
Tempo: 3 horas

Mirador Punta de Couso

Mirador natural con vistas privilexiadas do arquipélago de Sálvora, pertencente ao Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Praia de Castiñeiras

Situada en Castiñeiras, conta cun paseo marítimo ao longo de todo o areal. Con area branca e de entorno urbano, conta con 485 m de longo por 20 m de ancho.

Praia do Touro

Localizada na parte sur de Ribeira, ten unhas boas vistas da ría de Arousa. Ten forma de cala e é de entorno urbano e mide uns 10 m de largo por 10 m de ancho.

PARQUE NATURAL: CAMIÑO DO VENTO

Esta ruta discorre polo Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Vixán e Carregal. Amosa os campos de Olveira e a gran duna móbil.

Campos de

Atópanse nos arredores da pasarela que leva ata a gran duna, neles obsérvanse plantas e animais autóctonos.

Duna Móbil

É a duna máis grande do noroeste peninsular, medindo unha lonxitude de 1,2 Km e uns 20 metros de altura.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida e chegada:
Aparcamento de Olveira
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 1,5 Km
Dificultade: Baixa
Tempo: 30 minutos

Prohibición da gran duna móbil do parque

Dende 2006 está prohibido pisar a area da duna, recurso principal do parque natural. Hai varios carteis na zona que indican que infrinxir a norma pode supoñer multas dende os 600 aos 6000 euros.

PARQUE NATURAL: CAMIÑO DO RÍO MAR

Este camiño do Parque Natural, lévanos ata a desembocadura do río do Mar bordeando a lagoa de Carregal e a Gran Duna.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida e chegada: Aparcamento de Olveira
Modalidade de acceso: 🚶
Lonxitude: 3,5 Km
Dificultade: Baixa
Tempo: 1 hora 30 minutos

Pedra da Ferreira

Lugar onde desemboca o río do Mar xuntando a auga da lagoa de Carregal co océano atlántico.

Praia da lagoa

Visualmente cerrada polo illote das Pedras da Ferreira, por este canal circulan as mareas. A súa area e branca e fina, e o seu curso varia en función das mareas e do río do Mar que está sempre en movemento. As correntes nela son moi fortes.

PARQUE NATURAL: CAMIÑO DA PRAIA

Este camiño discorre na súa maioría polas pasarelas do Parque Natural. Parte do Centro de Recepción de visitantes, e lévanos a coñecer o entorno litoral da zona do Vilar.

Mámoa de Pipín

Monumento funerario de época megalítica realizado entre o V e o II milenio a.C. Presenta unha pequena elevación sobre o terreo no que se atopa enterrado o túmulo, duns 15 m de diámetro e que sobresae do chan entre 1 e 2 metros.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida e chegada: Casa da Costa
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 1,5 Km
Dificultade: Baixa
Tempo: 45 minutos

Praia do Vilar

É o areal principal do Parque Natural. É unha extensión de 750 m de longo por 40 m de ancho, con area branca e fina. Axeitada para a práctica de deportes como surf e windsurf.

PARQUE NATURAL: CAMIÑO DA GANDARELA

O camiño da Gandarela, que transcorre polo Parque Natural, permite descubrir o importante papel do mar na orixe e evolución do parque e a súa influenza na vida da marisma e da lagoa de Carregal (salobre). Ata este punto chega o itinerario para regresar polos nosos pasos e tomar un desvío que nos conducirá de volta ao punto de inicio por zonas de cultivos, bosque autóctono e piñeiral.

C.I.E.L.G.A. (Centro de interpretación do ecosistema litoral de Galicia)

Foi inaugurado en 1994, conta con exposicións cunha temática relacionada cos ecosistemas do parque e outros ecosistemas costeiros. Tamén conta con referencias antropolóxicas e culturais.

Lagoa de Carregal

É un embalse de auga que se comunica co mar a través de varias canles que ao encherse e baleirarse crean unha marisma que desemboca no océano nunha zona chamada o río do Mar. É de auga salgada mesturada con auga doce procedente de ríos próximos como o río Artes.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida e chegada: Casa da Costa
Modalidade de acceso: 🚶
Lonxitude: 6 Km
Dificultade: Baixa
Tempo: 2 horas

PARQUE NATURAL: CAMIÑO DA AUGA

Este camiño pertencente ao Parque Natural, iniciase no aparcadoiro de o Vilar e transcorre por camiños de terra, os campos de Amendo, dende eles pódese acceder a lagoa de Vixán e aos muíños de Amendo, pero tamén se pode continuar o camiño ata o castro de Porto de Baixo.

INFORMACIÓN TÉCNICA
Punto de partida e chegada: Aparcamento do Vilar
Modalidade de acceso:
Lonxitude: 2,5 Km
Dificultade: Baixa
Tempo: 2 horas

Muíños de Amendo

Nesta zona atópanse ata 18 muíños de auga, pero actualmente só dous se atopan en perfectas condicións. Estes só se utilizan unhas poucas veces ao ano, para a celebración dalgunha festa tradicional.

Castro de Porto de Baixo

Descuberto en 1978 está formado por pequenas construcións que se encontran baixo terra, rodeadas dunha muralla defensiva de uns 90x40 m, de forma ovalada, que en 2004 quedou ao descuberto despois dunha serie de escavacións. Crese que foi poboado entre os séculos IV e II a.C.

Lagoa de Vixán

É de auga doce e conta con plantas doceacuícolas e un carrizal. Está rodeada por terreos de cultivo e conectase co mar a través dun pequeno río que solo se forma nos períodos equinocciais. A súa profundidade ronda os 3-4 metros cando está chea.